

Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTE CALDELAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PUBLICACIÓN DE BASES AXUDAS COVID 19

Expediente núm.: 390/2020

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA DESTINADAS Ó MANTENIMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL, COMERCIAL, DE RESTAURACIÓN E HOSTALERÍA DE PROXIMIDADE.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Concello de Ponte Caldelas ven de decidir impulsar un paquete de axudas directas destinadas ó mantemento do tecido empresarial, comercial, de restauración e hostalería de proximidade, co obxectivo de mitigar os efectos económicos negativos que se poden producir en determinados sectores da economía municipal especialmente prexudicados pola pandemia por coronavirus de COVID-19.

É importante que estas axudas poidan chegar ós posibles beneficiarios á maior brevedade posible para poder tratar de mitigar as consecuencias da mencionada crise.

Visto o informe de Secretaría 12/2020 de 30/03/2020.

Visto o informe de Intervención 20/2020 de 30/03/2020.

Por todo o exposto, e en virtude do establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO.—Declarar a non aplicación da suspensión de prazos decretada pola Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, acolléndome á excepción recollida no punto 4 de dita disposición adicional, ó tratarse de procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas ós feitos xustificativos do estado de alarma, e que son indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, toda vez que se trata dunhas axudas de emerxencia destinadas a paliar os danos producidos no tecido comercial, de hostalería e restauración e empresarial de proximidade e encamiñados a facilitar a súa permanencia no tempo.

SEGUNDO.—Aprobar as bases da seguinte Convocatoria de Axudas:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: ZD3RPU4CCAS1X600



Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

**AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA DESTINADAS Ó MANTEMENTO
DO TECIDO EMPRESARIAL, COMERCIAL, DE RESTAURACIÓN E HOSTALERÍA
DE PROXIMIDADE***CONVOCATORIA**1.—EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

O Concello de Ponte Caldelas ven de decidir impulsar un paquete de axudas directas destinadas ó mantemento do tecido empresarial, comercial, de restauración e hostalería de proximidade, co obxectivo de mitigar os efectos económicos negativos que se poden producir en determinados sectores da economía municipal especialmente prexudicados pola pandemia por coronavirus de COVID-19.

2.—OBXECTO:

Considéranse axudas de urxencia, aquelas prestacións económicas de pago único e carácter extraordinario destinadas a resolver situacións puntuais de emerxencia que afecten a situacións de necesidades sobrevidas nas que os destinatarios se vexan privados dos medios de vida primarios e imprescindibles, sendo a súa finalidade o dispensar unha atención básica e urxente no momento en que aquelas se produzan.

Estas axudas teñen o carácter de achegas ou axudas de emerxencia de carácter directo, destinadas a aquelas pequenas empresas, autónomos, comercios e establecementos de restauración e hostalería que se atopen nunha situación de extrema urxencia ou grave necesidade cuxos recursos non lles permitan facer fronte ós gastos máis imprescindibles para a subsistencia da actividade económica que viñan levando a cabo antes da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e posterior normativa e instrucións de desenvolvemento.

3.—NATUREZA, RÉXIME DAS AXUDAS E COMPATIBILIDADE:

1. Estas axudas teñen carácter persoal e intransferible para os perceptores das mesmas, e non orixinan ningún dereito subxectivo para os mesmos.

2. Habida conta do obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitárase en réxime de concorrencia non competitiva, para todo o mundo que cumpra as condicións e ata esgotar crédito.

3. As axudas previstas serán compatibles con calquera outra das reguladas para a mesma finalidade.



Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

4.—*ÓRGANO COMPETENTE:*

O órgano competente para resolver será o Alcalde do Concello de Ponte Caldelas dentro das competencias propias atribuídas polo artigo 21.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Este solicitará cantos informes estime necesarios para resolver, así como avaliar as solicitudes que se presenten en tempo e forma.

5.—*CRÉDITOS ORZAMENTARIOS:*

Os créditos orzamentarios ós que se imputan estas axudas extraordinarias de emerxencia son os seguintes:

- Beneficiarios recollidos no Epífrage 1 do punto 6: 30.000 €.
- Beneficiarios recollidos no Epífrage 2 do punto 6: 15.000 €.

A contía total máxima das axudas é de 45.000€ .

En caso de que a contía de algún dos epígrafes queden sen adxudicar poderá, de ser preciso, suplementar a outra.

6.—*BENEFICIARIOS E REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR:*

Serán destinatarios da axuda os seguintes:

- Epígrafe 1.—Establecementos.

Os/as solicitantes deberán de cumprir os seguintes requisitos:

1. Persoas físicas ou xurídicas, titulares de establecementos cunha plantilla de traballadores non superior a 6, que fosen afectados polo peche regulado polo R.D. 463/2020 no seu Anexo así como nas posteriores instrucións e modificacións publicadas.

2. Os/as solicitantes non poderán estar en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.

3. O balance de ingresos e gastos durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma deberá de ser negativo en cantidade igual ou superior á contía obxecto de solicitude. Cando o solicitante non leve de alta o período total do semestre esixido para acreditar a redución de ingresos a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

4. A persoa física ou xurídica, titular ou razón social deberá de figurar como alta no Rexistro de Matrícula do IAE do Concello de Ponte Caldelas e ter o domicilio fiscal en dito municipio.

5. O establecemento comercial deberá de ter a súa localización física dentro do termo municipal do Concello de Ponte Caldelas.



Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

6. O/a titular ou razón social deberá de figurar ó corrente de pago dos impostos e taxas municipais correspondentes ó ano 2019 ou, no seu caso, ó último exercicio corrente posto ó cobro.

7. Atoparse ó corrente de pago en Hacienda, Facenda e Seguridade Social dende a data de solicitude da axuda ata a data de cobro da mesma no seu caso.

- Epígrafe 2.—Actividades produtivas e establecementos con peche parcial da actividade.

Os/as solicitantes deberán de cumprir os seguintes requisitos:

1. Persoas físicas ou xurídicas, cunha plantilla de traballadores non superior a 6, cuxa actividade non fose afectada polo peche regulado polo R.D. 463/2020 no seu Anexo así como nas posteriores instrucións e modificacións publicadas, pero si que vise notablemente dificultada ou incluso imposibilitada totalmente a realización da súa actividade produtiva debido a:

- Imposibilidade total de realización de teletraballo.
- Atoparse pechados os establecementos comerciais ou empresas ás que presta servizo
- Non poder acceder ós centros de traballo debido ás limitacións de mobilidade propias e dos cidadáns ou por negativa destes a facilitar o acceso.
- Non poder conseguir as materias primas coas que levar a cabo a actividade produtiva
- Non ter a posibilidade de acceder á clientela debido ás limitacións de mobilidade desta
- Calquera outro motivo de natureza tal que non teña permitido levar a cabo a acción profesional.
- Peche parcial da actividade levada a cabo, entendendo como tal aqueles negocios que levan a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes do IAE e que algún deles foi pechado en virtude do R.D. 463/2020

2. O balance de ingresos e gastos durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma deberá de ser negativo en cantidade igual ou superior á contía obxecto de solicitude. Cando o solicitante non leve de alta o período total do semestre esixido para acreditar a redución de ingresos a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

3. A persoa física ou xurídica deberá de figurar como alta no Rexistro de Matrícula do IAE do Concello de Ponte Caldelas e ter o domicilio fiscal en dito municipio.

4. O/a titular ou razón social deberá de figurar ó corrente de pago dos impostos e taxas municipais correspondentes ó ano 2019 ou, no seu caso, ó último exercicio corrente posto ó cobro.

5. Os/as solicitantes non poderán estar en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.

6. Atoparse ó corrente de pago en Hacienda, Facenda e Seguridade Social dende a data de solicitude da axuda ata a data de cobro da mesma no seu caso.



Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

7.—CONTÍA DAS AXUDAS:

As axudas satisfaceranse en un pago único atendendo ós seguintes importes:

- Destinatarios recollidos no epígrafe 1: 400 €. No caso en que o balance de ingresos e gastos durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma sexa negativo en cantidade inferior a 400€ o importe concedido coincidirá con dita cantidade.
- Destinatarios recollidos no epígrafe 2: 200 €. No caso en que o balance de ingresos e gastos durante o período que permaneza en vigor o estado de alarma sexa negativo en cantidade inferior a 200€ o importe concedido coincidirá con dita cantidade.

8.—LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Dirixirse ó Alcalde do Concello, e presentarse exclusivamente a través da sede electrónica municipal <https://pontecaldelas.sedelectronica.es/> de acordo co establecido no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partires do día seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia e extenderase ata o 15 día hábil posterior á finalización do estado de alarma.

9.—DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes formularanse no modelo que figura como Anexo desta convocatoria. Este modelo poderá atoparse na dirección <https://pontecaldelas.org/index.php/tramites-administrativos>. Deberán de acompañar a seguinte documentación:

- Copia do DNI/CIF.
- Certificado de alta no IAE.
- Certificado de alta na Seguridade Social.
- Certificados de atoparse ó corrente de pago en Hacienda, Facenda e Seguridade Social.

10.—RESOLUCIÓN

O Concello de Ponte Caldelas irá resolvendo as solicitudes coa maior brevedade posible.

Se a solicitude non está debidamente cumprimentada ou non se aporta a documentación esixida, será requerida para que nun prazo máximo de dez días hábiles subsane a falta ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera así entenderase por desistido da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei.



Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

11.—XUSTIFICACIÓN

11.1.—Prazo

O prazo de xustificación das axudas rematará o vindeiro 31 de agosto de 2020. Rematado dito prazo sen terse presentado a documentación xustificativa, o Concello de Ponte Caldelas iniciará expediente de reintegro da cantidade percibida.

11.2.—Documentación a presentar

1. Certificado de estar de alta no IAE durante o primeiro semestre do ano 2020 no que se reflecta a permanencia da actividade neste período.

2. Copia no seu caso da licenza de apertura do local.

3. Certificado de alta na Seguridade Social durante o primeiro semestre do ano 2020.

4. Certificado expedido pola seguridade social ou mutua (segundo corresponda) de non atoparse en situación de baixa médica no momento de solicitude de axuda.

5. Documentación xustificativa de perdas económicas. Os/as solicitantes poderán demostrar ter sufrido perdas económicas durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma dalgunha das seguintes maneiras:

a) Declaración trimestral de ingresos e gastos referidas ó primeiro e segundo trimestre de 2020 nas que deberá de quedar recollida a perda de ingresos.

b) Copia do libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro de ventas e ingresos, libro de contas e gastos,

c) Conta de ingresos e gastos no caso de sociedades.

d) Calquera outra documentación ou medio que sexa admitido en dereito que poida ser considerado para acreditar os termos a xustificar.

11.3.—Reintegro

Os beneficiarios deberán de proceder ó reintegro das cantidades percibidas indebidamente ou en contía indebida se a documentación xustificativa non acredita o cumprimento dos requisitos e disposicións establecidas na convocatoria.

12.—OBRIGAS

- Aplicar axuda á finalidade para a que foi concedida e concebida.
- Comunicar os cambios que en relación ás condicións xerais e requisitos específicos das axudas, puideran dar lugar á modificación, suspensión, denegación das mesmas.
- Comunicar calquera cambio relativo ó domicilio da actividade do titular.
- Reintegrar o importe das axudas indebidamente percibidas ou en contía indebida.



Venres, 3 de abril de 2020

Núm. 65

TERCEIRO.—Dar conta ó Pleno da Corporación Municipal á maior brevedade.

CUARTO.—Que se proceda á publicación da presente Resolución no Boletín Ofical da Provincia, no Taboleiro de Anuncios e no Portal de Transparencia municipais.

O Alcalde.

Andrés Díaz Sobral.

